



Xornada Mundial da Vida Consagrada

«Camiñando xuntos»

O próximo 2 de febreiro celebraremos a Xornada Mundial da Vida Consagrada co lema deste ano «Camiñando xuntos». É un momento celebrativo moi importante para a nosa Diocese, tanto polo número de persoas consagradas que formamos parte desta Igrexa particular como pola importancia pastoral do compromiso daqueles que viven esta consagración entre nós.

A vida consagrada desprega o seu ser na vida, na santidad e na misión da Igrexa como un don precioso e necesario para todos os cristiáns. Por iso, como di a Exhortación Apostólica Postsinodal *Vita consecrata*, “a vida consagrada está no corazón mesmo da Igrexa” (*Vita consecrata*, n.3). Esta é a profunda convicción que a Igrexa foi xestando dentro de si mesma a partir do Concilio vaticano II e que, como compás seguro, marca o camiño de todos os consagrados.

No ronsel do Concilio Vaticano II é tamén como o Papa Francisco emprazou a todo o pobo de Deus a situarse en modo sinodal convocando un Sínodo baixo o título «Por unha Igrexa sinodal: comunión, participación e misión». Neste momento estamos a vivir a etapa preparatoria deste Sínodo, que culminará en outubro de 2023, na que todo o pobo de Deus está chamado a un diálogo activo e sincero sobre os camiños que o Señor lle pide á súa Igrexa que percorra hoxe.

Nun importante discurso con ocasión da conmemoración do 50 aniversario da institución do Sínodo dos Bispos, o Papa Francisco afirmou que “o camiño da sinodalidade é o camiño que Deus espera da Igrexa do terceiro milenio”. E engadía que “a Igrexa non é outra cousa que o camiñar xuntos da grea de Deus polos carreiros da historia que sae ao encontro de Cristo o Señor”.

A chamada do Papa para vivir a sinodalidade converteuse nunha voz insistente de toda a Igrexa nestes últimos anos. É unha chamada que nos chega de todas partes, tanto a pastores como a fieis. Dalgún xeito, é unha chamada á que non podemos permanecer alleos, aceptándoa ou rexeitándoa. É un signo dos tempos da nosa Igrexa.

A vida consagrada necesita hoxe abrirse ao reto de vivir a sinodalidade en todas as dimensións da súa vocación eclesial. Como buscadores e testemuñas apaixonadas de Deus, os consagrados están chamados a camiñar xuntos con todo o pobo de Deus nos camiños da historia e na entráñaa da humanidade. Estes imperativos da vocación consagrada nacen da esixencia da Igrexa de fortalecer as



sinerxías en todos os ámbitos da misión, como nos di o papa Francisco na Exhortación Apostólica *Evangelii gaudium*.

Para a vida consagrada, a invitación para camiñar xuntos supón facelo en cada unha das dimensións fundamentais da consagración: na escoítaa, na comunión e na misión.

Camiñar xuntos na escoita da Palabra de Deus e dos irmáns é un camiño común para atopar a Deus na escoita, unha clave fundamental da sinodalidade. “Unha Igrexa sinodal —di o Papa Francisco no discurso citado— é unha Igrexa da escoita, coa conciencia de que escoitar é máis que oír”. Manter o oído atento para escoitar ao Espírito, aos irmáns cos que se comparte a vida é a mellor garantía para camiñar xuntos polas sendas da fidelidade á propia vocación.

Camiñar xuntos na comunión con Deus e cos irmáns é o camiño que o Señor quere para o home. Neste camiño, os consagrados están chamados a ser na Igrexa e no mundo expertos en comunión, testemuñas e artífices daquel proxecto de comunión que constitúe a cima da historia do home segundo Deus, tal como di o Papa Francisco na carta apostólica a todos os consagrados con ocasión do Ano da Vida Consagrada.

Camiñar xuntos na misión supón descubrir a doce e confortadora alegría de evanxelizarse. Unha Igrexa sinodal é unha Igrexa en saída e a misión en clave sinodal entraña o diálogo, a escoita, o discernimento e a colaboración de todos na acción misioneira. Para a vida consagrada, camiñar xuntos en misión supón reforzar a corresponsabilidade e o compromiso na misión da Igrexa particular achegando os seus dons carismáticos sen perder nunca de vista a dispoñibilidade á Igrexa universal.

Convidovos a todos a vivir con gozo esta Xornada da Vida Consagrada e tamén a compartir xuntos a Eucaristía que celebraremos o próximo día 2 na nosa Concatedral.

Mentres avanzamos no camiño sinodal, damos grazas a Deus polo don da vida consagrada que enriquece á Igrexa coas súas virtudes e carismas e móstralle ao mundo o testemuño alegre da entrega radical ao señor.

Unidos no camiño do Señor.

Con profundo afecto e gratitude,

+ Luís Quinteiro Fiuza.
Bispo de Tui-Vigo.